

Praza número: 25/3026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 13:00 horas do 30 de abril de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Fernando Agrasar Quiroga (UDC)

Secretaría: Patricia Muñiz Núñez (UDC)

Vogal 1º: Eduardo Antonio Prieto González (UPM)

Vogal 2º: Iván Israel Rincón Borrego (UVa)

Vogal 3º: María Purificación Moreno Moreno (URJC)

Rep. Trab. (s/voto): Margarita Lorenzo Durán (UDC)

Asemade, preséntanse neste acto de constitución os seguintes membros da Comisión

Suplente:

Juan Antonio Caridad Graña (UDC, Secretario suplente)

Sagrario Fernández Raga (UVa, Vocal 1ª suplente)

José Manuel Almodóvar Melendo (US, Vocal 3ª suplente)

Na Coruña, a 30 de abril do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/3026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: *Non se consideran áreas afíns no concurso desta praza.*

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *soamente consideranse publicacións con ISBN.*

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *a valoración considerará o grao de participación e a calidade e innovación dos proxectos efectivamente realizados.*

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *Só se considerarán as superiores a un mes de duración.*

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *Non se considerarán as STA inferiores a catro días de docencia.*

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *Para este mérito terase en conta a solvencia do xurado.*

Praza número: 25/3026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *Aquelas publicacións que sexan recensiones ou dean conta de obra arquitectónica propia, sen contidos sustanciáis, consideraranse indicios de calidade do mérito constituído pola propia obra, que se valorará no apartado correspondente.*

A comisión decidirá a relevancia e interese do mérito.

En canto a autoría compartida, dividirase a valoración do mérito entre o número de asinantes, ate catro autores, a partir deste número aplicarase o coeficientes redutor de 0,25.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *Aquelas publicacións que sexan recensiones ou dean conta de obra arquitectónica propia, sen contidos sustanciáis, consideraranse indicios de calidade do mérito constituído pola propia obra, que se valorará no apartado correspondente.*

A comisión decidirá a relevancia e interese do mérito.

En canto a autoría compartida, dividirase a valoración do mérito entre o número de asinantes, ate catro autores, a partir deste número aplicarase o coeficientes redutor de 0,25.

III.2 Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *A comisión decidirá a relevancia e interese dos contidos do mérito.*

En canto a autoría compartida, dividirase a valoración do mérito entre o número de asinantes, ate catro autores, a partir deste número aplicarase o coeficientes redutor de 0,25.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: *A comisión decidirá a relevancia e interese do mérito.*

Publicacións, premios e recoñecementos consideranse indicios de calidade do mérito.

En canto a autoría compartida, dividirase a valoración do mérito entre o número de asinantes, ate catro autores, a partir deste número aplicarase o coeficientes redutor de 0,25.

Praza número: 25/3026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

Na Coruña , a 30 de abril do 2025

A presidencia da comisión